

EL SOPAR + MUDANZA 1300

Pere Portabella

ESTREA EN NUMAX: 28.05.2024 | V.O.S.E. | 75 min

El sopar

Pere Portabella | 1974 - 2018 | 54 min

1974: O mesmo día da execución de Salvador Puig Antich, Pere Portabella roda El sopar, onde cinco presos políticos que cumpriron longas condenas intercambian as súas experiencias na prisión. 2018: Pere Portabella inclúe uns engados onde incorpora unha filmación a Oriol Arau, avogado de Puig Antich, rodada o 13 de novembro de 1974.

Mudanza

Pere Portabella | 2008 | 20 min

Mudanza responde a unha invitación do curator Hans Ulrich Obrist para intervir na Huerta de San Vicente, casa-museo da familia García-Lorca en Granada. É o resultado do proceso de desaloxo de mobles e obxectos, para que o visitante poida deambular sen obstáculos polos espazos cargados de sentidos e resonancias, entre o baleiro e o silencio do lugar, retidos pola memoria da experiencia e o nivel de esixencia do visitador-espectador.



Entrevista con Pere Portabella: «Interesábame tratar o encarceramento desde o punto de vista humano»

Por Assumpció Maresma Matas

Que te impulsou a filmar *El sopar*? Este filme non é unha excepción dentro da miña traxectoria. É o meu territorio. Neste caso interesábame o que significa o encarceramento desde o punto de vista humano. A perda da liberdade e os efectos que produce. Que o espectador tome conciencia do que significa.

O filme grávase a mesma noite que executaban a Salvador Puig Antich. Porén non se fala disto durante toda a metraxe. Por que? A idea era que se puñamos a execución de Puig Antich no centro da mesa ía xerarse unha distorsión na conversa. Deilles aos participantes 7 ou 8 minutos antes de rodar para baleirarse e comezamos. Todo o mundo ficou en silencio e de súpeto un dos eléctricos dixo "rodamos" e eu entrei cun travelling. Ir en contra da ditadura era tamén gravar estas escenas cos focos, os aparellos de rodaxe e facer o travelling.

E a partir de aí o filme flúe... O filme ten esta continuidade e saen frases magníficas. A retórica deles é a de xente que levaba encarcerada moitos anos. É un diálogo improvisado. Abad é o primeiro que di: "O poder quere que saiamos de aquí secos, aniquilados, que esquezamos a política..." A emoción chega por camiños diferentes. Moita xente di que é un documental brutal porque tomas conciencia do que significa a prisión. Un dos protagonistas da cea explica que coñece unha filla en prisión e cando nace a neta aínda está en prisión. Pasaran vintecinco anos. Isto é moi bestia.

En *El sopar* só hai unha muller, Lola Ferreira, que acaba facendo as intervencións máis sobrecolledoras. Si, é certo, impresionounos moitísimo na propia rodaxe. A cámara movíase facendo un travelling desde a caluga, que soe ser unha maneira moi eficaz de mostrar unha situación, e o seu discurso ía subindo e subindo. É o discurso dunha intelectual, dunha marxista-leninista, pero desde o punto de vista humano. É fantástico. O revolucionario explicado desde a felicidade.

O filme ten un ambiente e unha temática única, a opresión da prisión, da clandestinidade... Eran preocupacións compartidas polo equipo de rodaxe, a maioría pertencentes Comisións Obreiras e a Asamblea de Catalunya. Todo estaba moi conectado. Había unha emoción e un respecto inmensos. Ademais, tiñamos que rodalo todo de vez non podíamos pensar en repetir as tomas o día seguinte xa que existía o risco de que a policía nos detivese. Isto crea un ambiente que se percibe no filme.

Un dos temas que se tratan é como a prisión condiciona a vida posterior. Si, este tema tamén sae. Hai unha discusión entre eles. Voces que din que moitísima xente que pasou anos en prisión ficou invalidada. E, en troques, outro que replica que non está de acordo e que moitos volveron despois á política...

Desde 1974 fixeches algunha actualización no filme. En que consistiu? A primeira adenda foi un fragmento dun programa de televisión de 2003 no que fomos ao lugar de gravación. A segunda é unha visita que fago ao avogado de Puig Antich, Oriol Arau, en 1974, onde atopei materiais magníficos que me parecía que complementaba a metraxe sen contradicir nada do material preexistente.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Impugnar las normas,
Pere Portabella.
Galaxia Gutenberg, 2024

Pere Portabella,
Rubén Hernández.
Errata Naturae, 2008

*Historia no oficial durante
la hipotética transición,*
Daniel Gasol.
Rayo verde, 2024